



PROPOSTAS DE ACTIVIDADES PARA O ALUMNADO DE EDUCACIÓN INFANTIL

SEMANA 23 – 29 DE MARZO



Propostas de actividades para a clase de 3 anos:

- Seguir desenvolvendo as actividades propostas a semana pasada, xa que con elas traballamos habilidades básicas e autonomía persoal.
- Colorear debuxos.
- **Grafomotricidade:**
Realización de distintos trazos repasándoos por riba primeiro co dedo e despois co lapis, pintura ou rotulador: verticais, horizontais, inclinados, trazos curvos...
<https://actividadesparaprimaria.com/super-coleccion-fichas-grafomotricidad-trabajamos-es-trazo/>
<https://www.orientacionandujar.es/category/grafomotricidad/>

Repasar o seu nome en maiúscula e intentar copialo debaixo.

- **Números:**
Na clase traballamos ata agora o 1, 2 e 3. Tanto a cantidade como a grafía. Podedes reforzalos facendo estes números utilizando distintos materiais como por exemplo con plastilina, pegando gomets, etc
Contar obxectos que atopamos na casa e así practicar o conteo.
<https://www.conmishijos.com/tareas-escolares/matematicas/ejercicios-de-los-numeros-para-ninos-de-3-anos/>

Propostas de actividades para a clase de 4 anos:

➤ **Habilidades básicas: atención e memoria.**

- Xogo de memoria de animais: Como antes de ter que iniciar a corentena, estabamos co tema dos animais, aquí vos deixo un enlace a un xogo de memoria electrónico con eles como temática. Tedes diferentes graos de complexidade e distintos modelos. Os peques poden facelo en ordenador, tablet ou mobil. Na clase este tipo de xogos de emparellar encántanlles.

<https://arbolabc.com/juegos-de-memoria/memoria-animales>

➤ **Actividades para estimular a psicomotricidade fina:**

- Ademais de continuar coas actividades propostas a semana pasada, vos adxunto este enlace para que os nenos poidan crear animais con plastilina. Podedes empregar a plastilina caseira de novo, e ensinarlles aos nenos e nenas o documento, para que eles o empreguen como modelo, ou imprimilo como molde.

<file:///C:/Users/Usuario/Downloads/prek%20playdough%20cards%20pets.pdf>

- Practicamos coas tesoiras. O alumnado de catro anos xa leva un tempo practicando como recortar con tesoiras, por iso vos propono que lles deixedes unhas tesoiras de punta redondeada e papeis vellos (de catálogos, periódicos, etc) para que poidan recortar en liña recta, en zigzag ou como eles gusten.

Tamén vos deixo este enlace onde podedes imprimir material para recortar. <https://www.orientacionandujar.es/wp-content/uploads/2020/03/Conjunto-de-actividades-para-trabajar-con-tijeras.pdf>

➤ **Numeración:**

- Esta semana repasaremos os números do 1 ao 10 mediante xogos interactivos que poden complementar o puzzle proposto a pasada semana. Aquí vos deixo o enlace:

<https://es.ixl.com/math/infantil/contar-hasta-10>

➤ **Letras**

Neste enlace tedes un vídeo co que os cativos poden ir aprendendo vocabulario e ir fixándose nas letras que leva cada palabra.

<https://youtu.be/Adgbi7qmEu4>

Tamén podedes debuxarlles nun folio as vogais en maiúscula e minúscula (en tamaño grande), para que eles as fagan en plastilina.

➤ **Grafomotricidade:**

Para ir practicando o trazo de cara a escritura, vos inclúo un enlace de onde podedes imprimir fichas de grafomotricidade axeitadas para esta idade.

<https://webdelmaestro.com/fichas-grafomotricidad-imprimir-4-5-anos/>

➤ **Plástica:**

Na seguinte imaxe tedes un debuxo da nosa mascota da clase: Roto. Como seguro que todos o botan moito de menos, se lles apetece, vos propoño que o debuxen nun folio para decorar o seu cuarto e levalo a clase á volta desta corentena.



- **Movemento:** Lembra de que para os cativos o xogo e o movemento son esenciais, e máis aínda nas circunstancias de encerro nas que nos atopamos. Por iso vos animo a facer na casa, ademais dos percorridos con obstáculos da semana pasada, xogos cun globo: golpealo coas dúas mans de xeito alterno sen deixalo caer ao chan, poñelo segundo lle indiquemos en distintas partes do corpo que se vaian nomeando, desprazalo a rastro polo chan soprando, levalo polo corredor en equilibrio sobre unha culler de cociñar, transportalo por parellas dun lugar a outro sen tocalo (empregando a cabeza, a barriga, o brazo, o cú...imaxinación ao poder!), xogar ao "voley globo", cun fío ou la como rede, ao "globocesto"...

Propostas de actividades para a clase de 5 anos:

- Playlist en youtube de contacontos en galego

<https://www.youtube.com/playlist?list=PL894h1kYmMa-EbDzCulH2f7N-CRREp9Hp>

- Contacontos en castelán (facebook)

<https://www.facebook.com/titiriteros/>

- páxina web na que hai moitas actividades e experimentos interesantes

<https://www.aulasgalegas.org/>

Adxuntamos un conto para explicarlles aos nenos e nenas os virus e como podemos actuar.

https://marketing.editorialsentir.com/contenidosadicionales/Cuento_Rosa_conta_el_virus.pdf?fbclid=IwAR1FhIZUdBto9h8wruNp-MQTqamfJn_7wWDAwVdYpu030u-c2ubM6BSLak4

Propostas de actividades de inglés para as tres clases:

Ola! Cómo van esas cancións en inglés? Seguro que ben!

En inglés sempre temos a mesma rutina para comezar a clase. O primeiro que facemos é cantar a canción de "Hello, hello" que vos facilitamos a pasada semana (é esta: <https://www.youtube.com/watch?v=tVlckp3bWH8>)

E dicimos cómo estamos:

Good morning!/hello!/hi! ,how are you?

-I'm okay/fine/good/sad/tired.

Máis tarde cantamos entre todos a canción dos días da semana dando palmas:

Monday, Tuesday, Wednesday, Thursday, Friday, Saturday, Sunday

(Damos cunha perna no chan cando chegamos o día no que estamos).

Para isto non vos podo enviar ningunha canción porque o ritmo inventeino eu, pero con sorte eles/as acordanse e poden axudarvos.

Despois nos achegamos a fiestra e pregunto qué tempo fai hoxe?:

-How is the weather like today?

<https://www.youtube.com/watch?v=rD6FRDd9Hew>

Entre todos decidimos que tempo fai: It is sunny, cloudy, rainy, foggy.

Collede calqueira cousa (lapis, bolas, trozos de plastilina) da casa e comenzade a contar ata o dez:

One, two, three, four, five, six, seven, eight, nine, ten.

(Deixovos este enlace por si precisades coñecer a pronunciación)

<https://www.youtube.com/watch?v=b02Ojls1O14>

Agora imos reforzar un pouco o concepto de número con estas cancións:

Five little ducks

<https://www.youtube.com/watch?v=pZw9veQ76fo>

One potato, two potatoes...

<https://www.youtube.com/watch?v=efMHLkyb7ho>

E a continuación imos facer o mesmo coas cores:

<https://www.youtube.com/watch?v=ybt2jhCQ3IA>

Parade o vídeo despois de cada cor e dicirlles: touch something red! (e así sucesivamente coas cores) isto quere dicir: “toca algo vermello!” podedes axudarlles a tocar cousas que encontredes pola casa que teñan esa cor.

Esta semana engadimos unha nova proposta (pero seguiremos coas cancións, por suposto!). Esta nova proposta de actividade consiste en comezar a ver “os tres porquiños” en inglés.

<https://www.youtube.com/watch?v=W-WLnxbvMyw>

Moitos dos vosos peques vos dirán “pero é que así non entendo nada!” pero non vos preocupedes, eles xa coñecen o conto en castelán polo que saben de qué trata e inconscientemente seguirán a historia e aprenderán vocabulario sin darse conta (tentarán por todos os medios convencervos para mirala en castelán. Non vos deixedes enganar!, son moi listos/as e non queren facer o esforzo!).

Se vedes que e moi longa facede paróns e continuade noutro momento, cando o neno/a volva a estar receptivo e teña ganas de facer a actividade.

Hai unha opción no video de youtube na que podedes leer “subtítulos” si deixades o ratón enriba, (é a primeira do lado dereito da pantalla do conto). Eses subtítulos aparecen en inglés e non está de máis cos nenos saiban que están ahí.

Por favor, non vos deixedes convencer polos peques cando din que é moi difícil (son coma esponxas e poden/saben facer máis do que creemos!)

Algún vocabulario do conto no que podedes insistir:

Moon, Sun, house, straw, wood, first, second, middle, third, solid, beautiful, bricks, slow, rest, enjoy, life, rain, wind, fire, night, day, tired, dancing, working, wolf, smell, three, full, blow, big, pot, fire, tail, materials.

Do you like...?

<https://www.youtube.com/watch?v=frN3nvIHUK>

<https://www.youtube.com/watch?v=ddDN30evKPc>

<https://www.youtube.com/watch?v=13mftBvRmvM>

Moito ánimo nestes duros momentos. Queremos enviar unha aperta enorme para todo o alumnado e para vos, familias. Esperamos poder vernos moi pronto.

Quedamos á vosa disposición para calquera aclaración ou dúbida a través do correo de solicitude de titoría da páxina web.